




20 **MÚSICA** **VIVO**
NÚMERO 9
MAIO 2011

BERROGÜETTO

NOVOS HORIZONTES NO 15 ANIVERSARIO

XUNTA DE GALICIA

**NOVO 'INDIE' GALEGO * BIEITO ROMERO * ULTRÄQÄNS * PESDELÁN
ROBERTO SOBRADO * CLANDESTINO BAR * ANO DA MÚSICA DE GALICIA**

músicos ao vivo

manual de Boas Prácticas

Máis información en:

www.musicosaovivo.com





SUMARIO

4 SETE DE SETE

Carlos Gil (La Familia), Manuel Seoane (Esenia) e Carlangas Pereiro (Novedades Carminha) contan a súa experiencia en directo

6 NOVO 'INDIE' GALEGO

Os grupos que representan a Galicia no PrimaveraPro analizan o estado da música independente do país

9 A SALA

A variada oferta do Clandestino Bar en Nigrán

10 DETRÁS DA CANCIÓN

Ulträkns, un vendaval de folk-punk desde A Coruña

12 UN DIA CON...

Pesdelán, música e baile tradicional para públicos diversos

14 BERROGÜETTO

Unha mirada ao pasado e ás perspectivas de futuro dun conxunto que celebra 15 anos sobre as táboas

18 ANO DA MÚSICA

O 2011 homenaxeamos aos artistas galegos con máis de mil concertos

19 TESOUROS SOTERRADOS

Welcome to Jamrock, unha xoia do reggae contemporáneo segundo Emilio López, cantante de Safari Orquestra

20 NAS TENDAS

As novidades discográficas para o verán

21 O DISCO QUE ME CAMBIOU A VIDA

Roberto Sobrado fala dun clásico directo de Joaquín Sabina

22 A MÁQUINA DO TEMPO

Bieito Romero, vinte e cinco anos en primeira liña do folk

AO VIVO Música é unha revista de información e promoción da música galega que se distribúe de xeito gratuito en locais da Rede Galega de Música ao Vivo.

EDITA: Axencia Galega das Industrias Culturais.
Consellería de Cultura e Turismo

PRESIDENTE: Roberto Varela Fariña

DIRECTOR: Juan Carlos Fernández Fasero

COORDINACIÓN: Ana Miragaya, Ana Rosales

PRODUCCIÓN E TEXTOS: Eme2 Emoción&Arte

ACHEGA DE CONTIDOS: Agaphono (Asociación Galega de Productoras Fonográficas), AGEM (Asociación Galega de Empresas Musicais), Clubtura (Asociación Galega de Salas de Música ao Vivo).

COLABORAN NESTE NÚMERO: Emilio López,
Roberto Sobrado e Bieito Romero.

REVISIÓN LINGÜÍSTICA: Reverso

DESEÑO E MAQUETACIÓN: Logoferoz

FOTOGRAFÍAS: Janite, cesións de grupos e arquivo da Agadic.

AGADIC Axencia Galega das
Industrias Culturais



XUNTA
DE GALICIA

2011
ano da
música

Impresión: Litonor

Tiraxe: 7.000 exemplares

ISSN: 1888-6191 / D.L.: C 692-2008

agadic@xunta.es | www.agadic.info



Carlos Gil Estévez

BAIXISTA DE LA FAMILIA

1 Cal foi o primeiro concerto ao que fuches?

Fun ata Ourense para ver a Kepa Junkera, vaía forma de tocar (e de transpirar).

2 En que concerto decidiches que o teu era estar encima do escenario e non só na platea?

A verdade e que a min tampouco me volve tolo estar aí enriba. É máis que nada un trámite necesario para compartir a arte que queremos amosar en formato directo.

3 Ademais dos teus, cal foi o mellor concerto ao que asistiches?

Un de Jönsi.

4 A que concerto da historia da música che gustaría ter ido e non fuches?

Agora mesmo a ver o espectáculo de The Doors, aínda que esta resposta depende da época na que che fagan a pregunta...

5 Que che gustaría facer en directo que aínda non fixeses?

Romper unha corda do baixo. Por máis que o intento non o consigo.

6 Que actuación túa recordas con especial cariño?

Unha co grupo Circular en Villaviciosa. Boa xente, sitio, comida e bebida.

7 E cal foi para ti a máis desastrosa?

Outra con Circular, desta vez en La Antigua Estación, en Oviedo: público cero. Rematamos facendo 'autoversións' en estilo *grindcore*. Péximo pero moi divertido.



Manuel Seoane

BAIXISTA DE ESENIA

1 Cal foi o primeiro concerto ao que fuches?

O primeiro que recorde foi un de Mike Oldfield aquí, en Vigo, no parque de Castrelos [o 19 de setembro de 1993].

2 En que concerto decidiches que o teu era estar encima do escenario e non só na platea?

Cando estaba no instituto, vendo bandas locais como Pantokrator e algunha máis. Algo se iluminou no meu cerebro...

3 Ademais dos teus, cal foi o mellor concerto ao que asistiches?

Sen dúbida Manowar no Coliseum da Coruña no 1997. Tamén gardo gratos recordos dos festivais Rock Machina en Valencia ou de HIM tocando no Porto.

4 A que concerto da historia da música che gustaría ter ido e non fuches?

Ao Long Beach Arena na gravación do *Live after death* de Iron Maiden (EMI, 1985).

5 Que che gustaría facer en directo que aínda non fixeses?

Rematar rompendo os instrumentos. Aínda non hai presuposto!

6 Que actuación túa recordas con especial cariño?

Tocar en Castrelos no 2007 diante de 10.000 persoas non se esquece facilmente, pero quizá recorde con máis cariño a gravación do noso dvd en directo na sala Mondo, en Vigo, o 5 de xuño do 2010.

7 E cal foi para ti a máis desastrosa?

Unha pequena xira que fixemos no ano 2009, sobre todo un concerto en León. Menos mal que a festa de despois mereceu a pena, porque aquilo foi un desastre en toda regra.



FOTO: CLARA BELLÉS

Carlangas Pereiro

GUIARRA E VOZ DE NOVEDADES CARMINHA

1 Cal foi o primeiro concerto ao que fuches?

Teño o recordo dunha vez que me levaron os meus pais cando tiña 10 anos a ver a Ska-P, Siniestro Total e Los Enemigos. Antes diso, xa tiña asistido a moitas verbenas.

2 En que concerto decidiches que o teu era estar encima do escenario e non só na platea?

A min sempre me fascinou a actitude desenfadada que tiñan no seu momento Siniestro Total. Dende pequeno resultoume un xeito moi atractivo de ver e contar as cousas.

3 Ademais dos teus, cal foi o mellor concerto ao que asistiches?

Gústame moito os concertos de Black Lips. Non sei se serán os mellores, seguramente non porque teño ido a moitos, pero si os recordo *molóns*.

4 A que concerto da historia da música che gustaría ter ido e non fuches?

Ao Gonerfest de Memphis do ano pasado, con Jay Reatard, Ty Segall, Box Elders e un montón de bandas actuais que me gustan.

5 Que che gustaría facer en directo ao aínda non fixeses?

Nada, todo o que quería facer cando tiña 15 anos xa o fixen. Morre novo e deixa un cadáver bonito, xa sabes...

6 Que actuación túa recordas con especial cariño?

Pois recordo varias. Por exemplo, a nosa presentación do disco *Te vas con cualquiera* en Compostela, no Festival Rock en Costa do 2009, foi bastante especial. De repente volvímos á nosa cidade, con 20 anos e a un festival que nos levaba gustando moito tempo, e co orgullo de ensinarlles o noso disco aos nosos amigos de sempre.

7 E cal foi para ti a máis desastrosa?

Un concerto que demos en Monterroso no que nos *alicoramos* un pouquiño máis do debido e acabamos invitando ás 200 persoas do público a subir a cantar ao escenario do festival. Tivo que botarnos a Garda Civil. Unha marabilla.

AS CARAS DO NOVO 'INDIE' GALEGO

COLECTIVOORUGA, DISCO LAS PALMERAS, ELADIO Y LOS SERES QUERIDOS, IGLOO, MARYLAND É NOUVELLE CUISINE, NO PRIMAVERAPRO BARCELONÉS

Collectivooruga, Disco Las Palmeras, Eladio y Los Seres Queridos, Igloo, Maryland e Nouvelle Cuisine: seis nomes, seis grupos novos e non tan novos que debuxan con claridade a punta do iceberg *indie* galego. Elixidos por PrimaveraPro, a feira para profesionais do sector musical que se celebra en Barcelona os días 26, 27 e 28 de maio, serán os encargados de representar a Galicia no prestixioso festival Primavera Sound, no que tamén tocan Triángulo de Amor Bizarro.

As seis bandas foron seleccionadas entre unha lista proposta pola Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic), na que tamén figuraban Fon Román, Misterioso Viaje a Holanda, Silvia Penide e The Homens. A Agadic apoia a presenza destes conxuntos na feira catalá, “un dos princi-

pais eventos musicais a nivel internacional no noso país”, segundo Beni Ferreiro, de Igloo, “unha oportunidade que gozaremos ao máximo e daremos todo pola nosa parte para seguir medrando coma ata agora”.

Se o foco *indie* galego está posto sobre algun grupo nos últimos tempos, este é Disco Las Palmeras. “Sempre pensamos que tiñamos algo moi grande entre as mans, pero a velocidade á que están pasando as cousas é algo co que nunca contamos”, di Diego Castro, un dos seus integrantes e responsable do selo Matapadre, que os edita. Seguidores dunha liña ruidista e tremenda que ten en Galicia conspicuos representantes como Triángulo de Amor Bizarro, estes tres lugueses conseguiron co seu primeiro disco estar na boca de todos. Para eles, asistir ao PrimaveraPro (ao que xa acudiron na pasada edición) é encadrar-

se nun “fantástico escaparate”: “Este ano xa é tocar como ‘adultos’ e esperamos que nos axude a chegar a moita xente que non nos coñece”.

Sen prexuízos musicais

“En Galicia”, explica Castro, “hai moitas bandas que non teñen disco publicado que son moi interesantes, cremos que neste momento temos a mellor canteira do estado”. “Triángulo de Amor Bizarro, Emilio José, 6PM, Fanny + Alexander, Niño y Pistola, xente sen prexuízos musicais, como Metralletas Lecheras, SraSrSra, Mano de Obra”, enumera Carlos Lens, de Nouvelle Cuisine, outro dos conxuntos que estarán no PrimaveraPro. Trátase, neste caso, dun grupo coruñés “composto por un número indeterminado de membros cunha media de idade arredor



DISCO
VERES
RIDOS

“A MELLOR FORMA DE
CALIBRAR O NIVEL DA ESCENA
INDEPENDENTE EN GALICIA”, DI
BENI FERREIRO, DE IGLOO, “É A
ADMIRACIÓN QUE TEN O RESTO DO
ESTADO POR ESTA COMUNIDADE”



DISCO
LAS
PALMERAS

dos trinta anos e que leva quedando para ensaiar os martes e os venres dos últimos dez anos”. Asistindo ao PrimaveraPro, din, non pretenden que os descubra “ningún executivo do mundo da música: para nós é un novo recoñecemento, a oportunidade de alternar con outras bandas galegas, estatais e internacionais que nos apetece coñecer. E tamén nos apetece gozar coma fans dos concertos de Belle and Sebastian, Sufjan Stevens, El Guincho ou Nosotrash”.

“A mellor forma de calibrar o nivel da escena independente en Galicia”, di Beni Ferreiro, “é a admiración que ten o resto do Estado por esta comunidade”. Vígueses, formados no 2004 e amantes do pop frío e lírico de Joy Division, Radiohead, The Cure, Interpol ou The National, os Igloo acaban de editar 3, ‘infinito tres’ traducido á linguaxe común. “Sempre que saímos a tocar a cidades como Madrid ou Barcelona”, di

o seu líder, “a xente dinos que para eles Galicia está sendo dende hai un tempo a zona que máis e mellores formacións está presentando. En Galicia hai unha gran cantidade de festivais e un número cada vez maior de salas que programan cada vez con maior frecuencia e se preocupan de ter cada vez unha mellor infraestrutura para os concertos. Tampouco é todo perfecto, como que nos festivais hai pouco espazo para estas novas bandas, ou que algúns festivais calcan o cartel doutros, ou que outros se deixan levar polas modas; digamos que o espazo ocupado por formacións como Triángulo de Amor Bizarro e agora Disco Las Palmeras é máis que suficiente”.

Haber hai onde escoller: Ferreiro recita unha longa lista de bandas interesantes, que van dos menos coñecidos Munich, The Friendows ou The Fingers aos xa populares Triángulo de Amor Bizarro —“crearon ten-

OS SEUS ÚLTIMOS TRABALLOS

Igloo

∞3

ERNIE RECORDS

“É un disco máis escuro”, conta o cantante de Igloo, Beni Ferreiro, “que non deixará indiferente a quen o escoite. O importante é que a xente que ten unha gran capacidade musical e que non se conforma só con discos que xa veñen moi masticadiños está respondendo moi ben e comenta xa que é o noso mellor traballo”.

Disco Las Palmeras

Nihil obstat

MATAPADRE

“Está colmando todas as nosas expectativas iniciais”, explican, “cunhas poucas semanas na rúa xa estamos recibindo unha atención enorme por parte dos medios especializados de todo o Estado. Estannos facendo críticas espléndidas e ata estamos soando nalgúns radios en Venezuela e México, o que é unha enorme sorpresa”.

Maryland

Get cold feet

ERNIE RECORDS

Gravado a principios de ano e con poucas semanas de vida, *Get cold feet* “está a ter unha aceptación increíble”, conta Arturo Gutiérrez. “As críticas van moi ben e desde hai semanas está a soar en diferentes emisoras de radio. Agora só queda gozar tocándoo en directo!”

Nouvelle Cuisine

La guerra del volumen

AUTOEDITADO

“O disco anterior”, contan, “fora un traballo esgotador, que conseguira boas críticas pero non nos permitiu tocar en directo tanto como queríamos. En 2010 editamos este EP, producido por Arturo Vaquero, editado en formato dixital para a súa descarga directa na nosa web en alta calidade de son. Con el podemos actuar no Festival Paredes de Coura 2010, unha das nosas grandes aspiracións, así como nas cidades e en varias pequenas localidades galegas”.

Colectivooruga

Too many knobs

MATAPADRE

Os Colectivooruga confesan que *Too many knobs* “funciona como nos mellores soños que uns debutantes poden ter”. Ben acollido polas publicacións estatais especializadas, permitiulles xirar xa por toda España e ter a estas alturas pechada a participación nalgúns festivais de renome en Galicia: “Un bo comezo e uns primeiros cinco meses perfectos”.

Eladio y Los Seres Queridos

Están ustedes unidos

ESMERARTE / ALTA FONTE

O último traballo de Eladio Santos insiste no pop perfecto do anterior disco, agora cunha banda establecida apoiando ao compositor vigués. A edición, di el mesmo, “vai moi ben. Tivemos unha morea de críticas moi entusiastas. Mesmo unha emisora o cualificou como o mellor disco de pop galego da historia... Guau! Sentímonos moi orgullosos”.

JANET



dencia e seguen manténdose aí arriba”—, Holywater —“teñen o mellor directo de Galicia”— ou Maryland —“boa xente que fai moi bos discos”—.

Un grupo fraterno

Xente curiosa, ademais, pois forman os Maryland dúas parellas de irmáns: Pablo (baixo e coros) e Rubén (guitarra e voz), por un lado, e Jaime (batería) e Arturo (guitarra e voz), polo outro. O seu quinto integrante, Iván (teclados), é irmán dun dos The Homens. Atopan as súas influencias en grupos guitarreiros dos noventa, como Weezer ou The Posies, e consideran, en palabras de Arturo Gutiérrez, que “a escena galega está nun moi bo momento. Sen ir máis lonxe, nos últimos meses presentáronse multitude de discos”. Admiradores e compañeiros de batallas de Holywater, Igloo, Nadadora, Niño y Pistola ou La Familia, consideran que ir ao Primavera é do mellor que lles pasou dende que empezaron o proxecto.

Veterano da escena

Eladio Santos, antigo compoñente de grupos como Foggy Mental Breakdown, Brandell Mosca ou Medusa e 50 % de Tony Lomba & Elio dos Santos, non é exactamente novo na escena, pero o seu último disco, *Están ustedes unidos*, devolveuno ao primeiro plano. O traballo, publicado como Eladio y Los Seres Queridos, tamén se presentará en Barcelona. Como veterano do panorama musical galego —e como técnico de son dunha das salas máis activas

CLANDESTINO

AVENIDA DE PORTUGAL 35. A RAMALLOSA, NIGRÁN
WWW. CLANDESTINOBAR.COM



TAMARA DE LA FUENTE



DE ESQUERDA A DEREITA,
ELADIO Y LOS SERES
QUERIDOS, MARYLAND,
IGLOO E DISCO LAS
PALMERAS



de Vigo, La Fábrica de Chocolate—, Santos asegura que entre os grupos do país “hai moi bo rollo”. “Teño moitísimo amor e simpatía por toda a xente que fai música en Galicia e moito contacto coas bandas de Vigo, claro: Maryland, The Blows, Jim Ghanman, Martyne... E tamén coas de Ourense, como Magritte ou o grandismo Yomelo. Os meus favoritos son Triángulo de Amor Bizarro, que son os amos, e tamén flipei cos últimos discos de Igloo e de Nouvelle Cuisine, que, ademais, teñen un tremendo videoclip”, destaca o compositor vigués.

“Sempre hai unha chea de grupos galegos nas listas de favoritos da prensa estatal”, explica Santos, “e tamén nos blogs. Hai calidade. Supoño que baixo a chuva crecemos máis fortes”, ri.

Experimentación

A parte máis experimental da delegación galega no PrimaveraPro é a que abandeira Colectivooruga, que se define como “un laboratorio creativo no que o vídeo, o deseño gráfico e os experimentos audiovisuais pretenden unha globalidade maior do que un disco ou un conxunto de discos”. Para eles, o difícil é “concretar” o que é o *indie* galego: “Falta unha canle de comunicación, como esta revista ou o Mondosonoro, pero na radio e en horarios interesantes”. Do feito nos últimos tempos destacan o “discazo” dos seus compañeiros de selo Disco Las Palmeras e a carreira de 6pm, Nadadora, Carrero Bianco, Why Go ou Noise Project.



Con apenas un lustro de vida, o Clandestino, en Nigrán, xa se converteu nun dos locais de referencia na programación de concertos no sur de Galicia. A proba é que, neste 2011, é un dos contedores con máis actividade dos que forman parte da Rede Galega de Música Ao Vivo.

Laura Arbiol, encargada xunto con Marta Rodés de xestionar a sala, conta que a zona está en expansión no que toca aos directos: “Nos últimos tempos hai moitos locais que programan música ao vivo, algúns deles non moi preparados, por certo”. Elas levan programadas “unhas cento cincuenta actuacións”. Hóboas memorables —“sobre todo as de xente simpática como Lamatumbá, Pablo Bicho, Tony Lomba ou Di Elas, a banda de Luís Tosar”—, e outras non tanto: “Houbo un cantautor, do que preferimos non recordar o nome, que chegou cruzado e obsesionado con que ninguén ía vir velo; montou o seu propio equipo e tocou para dúas persoas a un volume insoportable, e creo que a xente fuxía da sala polo derroche de decibelios”.

As xerentes do Clandestino procuran “atraer a todo tipo de

público”, apostando por programacións variadas nas que caben, ademais da música, exposicións, festas temáticas, maxia ou teatro. Un exemplo, en palabras de Arbiol: “O ano pasado tivemos o Banco de Probas, e este ano festivais especiais; as dúas iniciativas van destinadas ao público xuvenil e aos novos talentos”. Internet tamén é un campo a explotar, afirma: “No noso karaoke a xente propón cancións a través de Facebook, por exemplo”.

A crise e a lei antitabaco

“Estamos bastante satisfeitas”, resume, “a pesar de que a veces é difícil non ‘pisar’ o terreo ao resto de salas da zona. Aquí hai moitos locais que dan concertos gratuítos, e a xente afaise a non pagar polos eventos, e a nós non nos parece algo acertado. Pero tendo en conta a crise, a lei antitabaco e os controis de alcoholemia, os nosos concertos teñen un poder de convocatoria bastante aceptable. Sempre é máis atractivo ver un concerto que escoitar un disco, porque o directo faiche vibrar, e para nós é gratificante ver a xente gozando tanto arriba como abaixo do palco”.



Un vendaval de folk-punk

O terceiro disco dos coruñeses **Ulträqäns** mestura música de raíz galega, hardcore tabernario, rock progresivo e loucura balcánica



As cancións de Ulträqäns saen polos altosfalantes que as reproducen como un vendaval: veloces, frescas, feroces, levando todo o que atopan por diante. O grupo, formado polos ex-Papaqueixos Antón Díaz (baixo e contrabaixo) e Fran Amil (batería), e por Aarón Bouzón (frauta, gaita), Tino Vilaro (guitarra) e Tomás Saiz (acordeón), acaba de editar *Ulträqäns*, o seu terceiro disco. Trátase, segundo din eles mesmos, dun “prato de contundente cocido galaico-balcánico aderezado cunhas pinguiñas de LSD”.

Un intercambio de correos electrónicos cos Ulträqäns pode ser algo tan psicotrópico coma os seus concertos e as súas gravacións. Por *mail* aseguran nada menos que saír “das entrañas dun oricteropo (*Orycteropus afer* ou cocho formigueiro) do Corgo Belga, en plena éxtase tras a contemplación da devastación do planeta Terra polo ataque dunha civilización extraterrestre pseudobiolóxica superior que... non ho! Somos uns rapazolos que andamos arredor dos trinta anos, da Coruña, e estamos fartos e aburridos de que ninguén toque a música que nos gusta a nós mesmos”.

En *Ulträqäns* aplican en firme a máxima do *faino ti mesmo*. É un traballo autoeditado, porque segundo explica Antón Díaz, ideólogo do asunto, “se es quen de gravar o teu propio disco, o primeiro que acadará e que sexa teu e de ningún mangante, digo magnate. As produtoras musicais son moi semellantes á banca: nunca perden, empregan o método de socializar as perdas e repartir ao seu xeito os beneficios. Para distribuír e vender, a día de hoxe podes movelo por Internet en moitos lugares que todos coñecemos”.

Ademais, este terceiro traballo dos Ulträqäns gravouse nun estudio montado no propio local no que ensaia a banda. Facelo

así, conta Díaz, ten “todas as vantaxes e as desvantaxes de que hai que sabelo facer, ou, seguindo o método do ministro, de que hai que saber quen o sabe facer e chamalo”. Ese ‘quen’ foi Tomás Ageitos, técnico de son de moitas das bandas de folk e rock do país. Del di o contrabaixista que “non só sabe manexar teclas e botóns: tamén sabe manexar moi ben o becho que ten en fronte cun instrumento na man e sacarlle o máximo partido sen intimidalo ou sen poñelo de mala hostia”. O disco, que conta con colaboracións de xente como Os Homes Sen Medo ou antigos camaradas dos Papaqueixos, foi masterizado por Arturo Vaquero e conta cun precioso libreto con 16 ilustracións, cada unha representando unha das cancións, deseñado polo debuxante Javi Prieto.

Uns Papaqueixos 2.0

O resultado, como corresponde ao seu traballo, é ultrarrápido, virtuoso e exultante, unha mestura de música de raíz galega, punk tabernario, rock progresivo e loucura balcánica. “Ulträqäns é como unha especie de Papaqueixos 2.0”, conta Díaz, “con máis velocidade, pero co mesmo espírito surrealista. Tocar a todo meter mola moito; se o fai un grupo de *hardcore* non pasa nada, pero se o facemos nós, que nin sequera sabemos o que somos, pois chama a atención”.

Do folk acústico dos seus principios os Ulträqäns chegaron a un son propio, eléctrico e mesmo electrónico. Agora empregan por primeira vez sintetizadores (“destes que se sopran por un extremo, coma os tubiños que che fan soprar os de Tráfico”) e inclúen temas cantados. Ou algo así: as letras, brevísimas e marcianas, “falan de todo o que é importante na vida: o amor, o sexo, as vacas, as drogas, a Unión Soviética, matar críticos de jazz...”.



UN DÍA CON:

PESDELÁN

FOTOS: IVÁN BARREIRO

Pesdelán son un grupo con vocación didáctica. É habitual que os seus concertos estean cheos de nenos e nenas, e tamén de maiores, con ganas de aprender os bailes cos que a banda acompaña as melodías tradicionais que desprega sobre o escenario. Ao Vivo Música estivo con eles nunha

actuación na Coruña, a principios de abril; as imaxes ilustran o elaborado proceso que vai desde que os Pesdelán comezan a prepararse para o concerto ata o momento no que o público, coma se formase parte do conxunto, entra practicamente no escenario para bailar.

Sesión de maquillaxe
no camerino



Últimos axustes no
vestiario antes de saír a
escena



Os músicos preparan os instrumentos

Comeza o baile coa música dos Pesdelán



Os máis pequenos tamén teñen o seu momento durante o concerto

Un espectáculo que atrae tanto a nenos como a maiores

Asinando autógrafos cando a música remata




BERROGÜETTO

ENVERXÍA MADURA

OS **BERROGÜETTO** FAN QUINCE ANOS: XURDIRON EN PLENA EXPLOSIÓN DO FOLK E RESISTIRON PARA CONSOLIDARSE ENTRE OS GRANDES DA MÚSICA GALEGA DE TODOS OS TEMPOS, FIEIS AO SEU ESTILO, PERO BUSCANDO NOVAS VÍAS. E REFORZANDO O ASPECTO COLECTIVO E COLECTIVISTA DOS SEUS COMEZOS. UN EXEMPLO: CADA UN DOS MÚSICOS CONTESTA, DISCIPLINADAMENTE, A UN DOS APARTADOS DESTA ENTREVISTA SOBRE O PASADO E O FUTURO DA BANDA, GALARDOADA CO “PREMIO DE LA MÚSICA” 2011 Á MELLOR CANCIÓN EN GALEGO. PORQUE **BERROGÜETTO** É ANTE TODO E EN CASE TODO, UN GRUPO.

FOTOGRAFÍAS: JANITE



BERR OGÜE TTO

DE ESQUERDA A DEREITA, ISAAC
PALACÍN, ANXO PINTOS, XABIER DÍAZ,
SANTI CRIBEIRO, QUICO COMESAÑA,
GUILLERME FERNÁNDEZ E QUIM
FARINHA



Chegades aos 15 anos. Que valoración facedes dunha traxectoria que xa é longa?

Isaac Palacín: A valoración é claramente positiva, non so pola lonxevidade do proxecto nun mundo no que as bandas rematan as súas

vidas en prazos máis curtos por cuestións artísticas ou humanas. En Berroquetto respírase boa saúde e enerxía agora que xa estamos instalados claramente na madurez. Sentímonos respaldados e queridos polo público e tamén pola crítica, que cando menos nos mostrou sempre respecto, desde o primeiro concerto. Creo que ademais nestes anos axudamos a dar a coñecer parte da nosa cultura en toda Europa, situando a Galicia no mapa para moita xente que non coñecía da nosa existencia nin das particularidades do noso país. Formamos parte dun ramallo de artistas que tenta dignificar a profesión desde o traballo e o respecto pola nosa cultura.

Aínda que viñades doutras formacións, Berroquetto empezou a funcionar a mediados dos noventa, en pleno auxe do folk galego. Como foi aquela época?

Anxo Pintos: Foi un intre no que se albisca a posibilidade de normalizar o folk como un xénero de interese para sociedade e nós vivímolos cunha grande intensidade, tanto na parte creativa como na actividade escénica. Foron anos onde se consolidaron propostas e naceron outras que conviven na actualidade.

E que queda daquelo?

A.P.: As propostas menos sólidas foron desaparecendo. Se botamos contas, seguimos tendo un bo número de bandas e solistas que manteñen un magnífico nivel creativo.

Cambiaron moito as cousas?

A.P.: Aos poucos, a etiqueta *música galega* fíxose un oco nos programas dos festivais e das salas europeas. Hoxe asistimos a un cambio importante no mercado. Debemos traballar con imaxinación para adaptarnos a un ámbito de traballo en constante transformación.

Que constantes musicais e artísticas mantendes desde aquel momento?

A.P.: Creo que a maior peculiaridade en calquera grupo é conseguir unha personalidade sonora característica, esa que fai que tras catro compases de escoita, se asocie o son ao grupo. Moitos din que nós temos esta característica. Por outro lado, en quince anos mudamos

moi pouco de formación. Isto axuda a manter a coherencia e cohesión creativa: os cambios entre os cinco discos resultan pouco abruptos. Se teño que definir as nosas constantes quedo con liberdade creativa, interacción con outras disciplinas artísticas, coidado extremo cos elementos extramusicais dos nosos discos, compromiso co territorio no que habitamos e o seu patrimonio...

E en que cambiastes?

Quico Comesaña: Dende o punto de vista musical e artístico, a forma de traballar segue sendo a mesma: respectamos a música tradicional e aínda que non todo cabe, non deixamos de explorar novos camiños. A suma de sete individualidades fai que o espectro sexa cada vez máis amplo. Co paso do tempo o grupo vai coñecendo mellor a si mesmo, aprendendo a facer as cousas de mellor xeito. A saída e a entrada de novos membros, neste caso a de Xabier [Díaz, vocalista no último disco], abre novas portas, novas paisaxes e sensacións onde mergullarse. E un cambio notable quizás sexa o da parte administrativa. Levábamos algún tempo pensando na autoxestión e a partir do 2006 tomamos a decisión de montar unha oficina e un selo discográfico propios.



“O futuro vai depender das decisións tomadas nos locais de ensaio e non nunha reunión dunha multinacional. Tampouco é un mal plan.”

Notouse ese cambio de integrantes? Foi unha maneira de buscar novas fórmulas?

Santi Cribeiro: Os cambios hai que velos como unha oportunidade, aínda que ao principio poidan parecer traumáticos. A substitución de Guadi [Galego, voz nos primeiros discos] por Xabier foi moi significativa: a voz é algo moi característico. Pero creo que foi bo para o grupo e para Guadi; só hai que ver o marabilloso disco que sacou, *Benzon*. A chegada de Xavier é un novo estímulo para nós. De todas maneiras o noso son está xa moi asentado como para que un cambio dun compoñente supoña unha mudanza moi radical.

No voso último disco incluídes vídeos de como foi gravado. Hai un momento no que, mentres discutides sobre unha canción, un de vós di: “Por que o facemos sempre tan difícil?”; e outro contesta: “Porque somos Berrogüetto!”. É complicado o voso proceso creativo?

Guille Fernández: Ocupa boa parte do tempo do grupo, é un período longo e intensivo, de traballo en equipo, de convivencia, no que pasamos por diferentes estados e etapas. Somos sete músicos con distintas influencias e procedencias musicais, sete sensibilidades, sete maneiras de entender a música! Tratamos

de que todo isto sexa algo positivo, que o debate enriqueza a música. Chegamos ao ensaio coas composicións o suficientemente abertas como para que todos poidamos aportar ideas. Ademais o nivel de autoexigencia é alto, o que implica moito inconformismo, que á súa vez leva a que en ocasións nos compliquemos. Todo isto é o natural no funcionamento de Berrogüetto dende o comezo.

Como vedes o futuro, en plena crise das discográficas e do modelo de negocio que había ata agora?

Xabier Díaz: A crise das grandes discográficas coincide co agromar de pequenos selos con non moitas referencias, ou selos que nacen para a autoedición. O das grandes multinacionais parécese ao das construtoras no de non aproveitar os momentos nos que o vento soprou a favor para reinvestir e para ir estruturando o sector con xeito. A autoedición significa un esforzo titánico para as bandas, pero tamén é garante de que os produtos son tratados con mimo. As autoproducións normalmente veñen acompañadas de todo tipo de presentacións e accións en paralelo. Ver as posibilidades do momento é un exercicio de supervivencia. O futuro vai depender das decisións tomadas nos

locais de ensaio e non nunha reunión dunha multinacional. Tampouco é un mal plan.

Ata onde chegaredes con Berrogüetto?

Quim Farinha: Por unha banda, ata onde o mercado nos permita seguir existindo: somos profesionais e sabemos que temos un mercado determinado que varía ciclicamente. E, por outra, ata onde a nosa creatividade flúa como ata o de agora.

Que novos campos vos quedan por explorar?

Q.F.: Por fortuna, sempre quedarán moitas cousas por experimentar. Musicalmente, novos timbres, ritmos, melodías, harmonías, efectos... Artisticamente non temos un obxectivo claro, agás o de tratar sempre de ofertar algo máis que música nos nosos traballos; sempre procuramos que a parte musical sexa o punto de partida e sirva de inspiración para desenvolver a parte non musical. Por nomear algún traballo que nunca tivemos a oportunidade de abordar, apeteceríanos moito facer a banda sonora para unha película. E, falando de xeografía, vimos pouco mundo e moito á vez: só tocamos en Europa e en América, fixemos unha boa cantidade de xiras internacionais, pero esperamos chegar pronto a Asia, África e ás antípodas.



Mil actuacións para o Ano da Música

Máis de mil concertos, de artistas que van desde a base ata as figuras máis destacadas e desde as composicións sacras ao *indie* máis ruidoso. O 2011 será o Ano da Música en Galicia, e, para celebralo, o país contará con numerosas citas coas que reafirmarse como terra de músicos. Ademais, Berroqueto, Luar na Lubre, Xosha Roqué e Mercedes Peón actuarán como embaixadores desta iniciativa da Consellería de Cultura e Turismo: a marca Galicia estará presente nas xiras e outras actividades que realizarán nos próximos meses.

Ata finais de ano, Galicia gozará de dúas de festivais nos que estarán representados todos os estilos. Algúns prolongan a exitosa experiencia do Ano Xacobeo 2010. É o caso do Sónar Galicia, que levará á Coruña, os días 17 e 18 de xuño, os sons electrónicos de M.I.A., Magnetic Man, Underworld ou Boys Noize, en paralelo á celebración do prestixioso Sónar de Bar-

celona. Tamén chega á segunda edición o Vigo Transforma, unha cita á que acudirán bandas como The Gift, Vetusta Morla, Xosha Roqué ou Eladio y los Seres Queridos entre o 23 de xuño e o 3 de xullo.

De máis lonxe vén o Via Stellae, que repartirá por toda a xeografía galega sons clásicos, da música antiga á contemporánea pasando polo barroco ou o romanticismo, na súa sexta edición. Ademais, a Consellería de Cultura e Turismo apoiará outras vinte propostas, do pop do Festival do Norte, o Cultura Quente, o Lolapop ou o Dolorock ao folk do Festival de Pardiñas ou do Mundo Celta de Ortigueira, e o jazz do Festival de Jazz e Blues de Pontevedra.

Ciclos variados

Máis alá das citas festivaleiras, todo o 2011 estará cheo de músicas variadas. O Galician Classics, establecido tamén durante o ano xubilar, contará con figuras como Da-

niel Barenboim, Yuri Simonov, John Elliot Gardiner, Borja Quiza ou Teresa Novoa, que actuarán en varias localidades. Ademais, dentro da súa programación o Centro Dramático Galego producirá o musical *A ópera dos tres reis*, de Bertolt Brecht, dirixida por Quico Cadaval e protagonizada por Luís Tosar.

No que toca ao pop e o rock, os mellores artistas internacionais visitarán salas do país a través do Galicia Importa, e, en canto ás músicas avanzadas, Sinsal seguirá atraendo aos amantes da música menos convencional. Mentres, Espazos Sonoros aposta por introducir a música en espazos históricos e de gran valor artístico.

Eventos de nova creación

Para o Ano da Música crearanse, ademais, eventos como o Festival de Música Activa. O cartel comporase de artistas maioritariamente galegos, e a recadación

DAMIAN MARLEY

Welcome to Jamrock (Universal / Tuff Gong, 2005)



Por EMILIO LÓPEZ, VOZ DE SAFARI ORQUESTRA



MOMENTO DO ACTO DE
PRESENTACIÓN DO ANO DA
MÚSICA DE GALICIA COS SEUS
EMBAIXADORES

destinarase a recuperar algún ben do patrimonio, elixido polos internautas desde a web do festival. Tamén nacen neste 2011 o circuío estival Galicia é Música ou o Pequclassics, que busca achegar a música culta aos máis pequenos da casa. Ademais, a Cidade da Cultura de Galicia, aberta a principios de ano en Santiago de Compostela, servirá como escenario a varias actuacións relevantes, como as do Taller Atlántico Contemporáneo (TAC) ou a Orquestra de Música Espontánea de Galicia (O.M.E.Ga).

Premios da Música

Por último, a Consellería de Cultura e Turismo promove a creación dos Premios da Música. A idea é dar aínda máis relevancia aos artistas, ás empresas, ás asociacións e ás institucións involucradas nesta industria cultural, a través duns galardóns que se entregarán en decembro.

Ben podía tratarse da sección de La Voz de Galicia 'De tal palo tal astilla', e ben podíamos estar falando dun panadeiro da parte de Covas e do seu fillo e tamén do seu neto. Pero non, falo dun dos fillos de Bob Marley, dese do que na maioría das casas de Galicia hai unha cinta ou un vinilo. Para min foi unha das sorpresas máis grandes do reggae, con permiso de Alpha Blondy e Barrington Levy. *Welcome to Jamrock* é destes discos que che gustan desde que empezan ata que rematan, ten unha produción moderna pero soa a Xamaica e a esa cadencia tan típica do seu pai.

O disco ten auténticos temazos coma 'The master has come' ou un impresionante e antibélico 'For the babies', cargado de efectos. Tamén hai que falar de 'Hey girl', un medio reggeaton feito con moita clase,

ou mesmo 'All night', que recorda na súa produción o *dancehall*. En definitiva, é un disco totalmente recomendable, deses nos que non saltas ningún tema. As letras fálanos dunha Xamaica que non se coñece pola tele, dos seus guetos, pero tamén transmite a boa onda que adoitan ter os discos de reggae.

Sensacións bonitas

Evidentemente Damian Marley non inventa a pólvora, pero as sensacións bonitas que che deixa e o ben feito que está a todos os niveis fan que *Welcome to Jamrock* sexa un dos meus discos de cabeceira. O vello Marley pode descansar tranquilo: o pícaro xa se vale por si, e seguramente non vai ser este o único tesouro que nos descubrirá o rapaz, porque, como di o castizo refrán, *de casta le viene al galgo*.

NAS TENDAS



Di Elas

Di Elas

DRO / WARNER MUSIC

O actor Luís Tosar e o músico Piti Sanz encabezan unha banda que por fin entrega o seu primeiro traballo discográfico. Acompañaos un poderoso grupo composto por músicos experimentados (Iván Laxe, Suso Alonso e Ro Muñoz) que dan unha gran solidez ás cancións, píldoras de power-rock cantadas maioritariamente en castelán con algunha achega en galego. www.myspace.com/diellas



Transilvanians

Vampire lover

ZOMBIE

Os 'skatalíticos' Transilvanians entregan de novo unha pequena xoia que une Kingston con Vigo. *Vampire lover* inspírase nos ambientes da música xamaicana e, ao estilo duns Scientist galegos, mestúranos con argumentos de película de horror de serie B. O resultado son seis temas propios e catro versións terrorificamente refrescantes, editadas polo seu propio selo. www.transilvanians.com



Rack Eterno

El asesinato de la creación

AUTOEDITADO

O rapeiro porriñés Rack Eterno afía a súa lírica en *El asesinato de la creación*, o seu traballo máis independente, persoal e con vocación internacional. Preto de vinte temas compoñen este álbum autoeditado, no que colaboran figuras emblemáticas da escena hip hop españolas, americanas e británicas como Frank T, Elphomega, Verbal Kent, Racecar ou Phi-Life Cypher. www.racketerno.com



Fon Román

Entretelas

PEQUEÑAS ILUMINACIONES

O antigo guitarrista dos Piratas busca novas sonoridades en *Entretelas*, o seu segundo traballo en solitario, continuador de *Silencio cómodo en un jardín descuidado*. O vigués sigue apostando polas composicións intimistas e polo pop tranquilo, e dálle peso nestas cancións a unha instrumentación mínima e hipnótica, delicada, que atrapa a quen a escoita. www.fonroman.com



Siniestro Total

Country & western

SONY MUSIC

Trinta anos levan funcionando Siniestro Total, un dos grupos máis senlleiros do país. O último traballo que gravaron insiste nas súas constantes dos últimos tempos: o rock americano clásico e potente e as letras reviradas e cheas de xogos de palabras de Julián Hernández. Para gravalo volveron a viaxar aos Estados Unidos e a contar co clasicista produtor Joe Hardy. www.siniestro.com



La Familia

Esto es normal

ERNIE RECORDS

Pop de corte clásico, case con ambiente campestre, alegre ou non tanto. O primeiro disco de La Familia foi producido e gravado polos propios integrantes do grupo (que son á súa vez compoñentes doutras bandas viguesas como Maryland ou The Blows), o que non quita para que a produción de *Esto es normal* sexa estupeza e as cancións e as letras, redondas. www.visitalafamilia.com



Combo Dinamo

Quieto, muere, resucita!!!

AUTOEDITADO

Un dos segredos mellor gardados da sempre potente escena rock coruñesa son os Combo Dinamo. Procedentes doutras formacións con gran tradición, o seu disco *Quieto, muere, resucita!!!*, acabado de autoeditar, insiste nas súas constantes: power pop de influencia británica, clásico, potente e baillón, eléctrico pero reflexivo, cun ollo posto no garaxe e outro na melodía sesenteira. www.combodinamo.com



Silvia Penide

Las erres dobles

AUTOEDITADO

Catro anos despois de *Desafiante crónica*, a cantautora coruñesa Silvia Penide ofrece en *Las erres dobles* cinco cancións novas, producidas polo experimentado Juan de Dios Martín (Deluxe, Stereotipos). Sobre acesos á electrónica e atmósferas mínimas e frías, Penide deita a calidez das súas letras e da súa voz, inconfundible xa no panorama galego. www.silviapenide.com

O DISCO QUE ME CAMBIOU A VIDA

‘Joaquín Sabina y Viceversa en directo’

(Joaquín Sabina). BMG / Ariola, 1986

Por ROBERTO SOBRADO



Non era un vinilo. Moito menos, un cd. Corría un verán de finais dos oitenta e a miña prima Xulia pasoume unha TDK de 90. Ata entón, as miñas referencias musicais serían remitián ás dos meus pais: Fuxan os Ventos, A Roda, O Zeca Afonso, Eiras Nosas e aos vídeos musicais da Bola de Cristal: Alaska, Loquillo, Kiko Veneno, Auserón, Sinistro, Gurruchaga... complementadas, afortunadamente, por dous concertos da banda de Reixa nas festas do Carballiño e aquela cinta de gasolineira: *Lo mejor de Os Resentidos* pero iso, é outra historia...

Aquel macarra poeta disfrazado de roqueiro acababa de atopar un grupo que o facía medrar e afastarse da liña de “cantautor”, algo do que eu non tiña nin idea.

“Queríamos hacer este concierto en Carnavales que molan más que la Cuaresma”. Toda unha declaración de principios para comezar a contar historias, historias, historias... A da princesa da panda pola que estivera toliño e acabara na mala vida. A dos trens da liberdade que fuxían cara ao nor-

te. A do máis chulo do barrio que acababa “frito” a tiros pola “madeira” sen deixar por isto de ser chulo. Aquela tan divertida do pai de familia que decide saír do armario (daquela nin existía a expresión) ao grande “con tacones y bolso y Felipe el Hermoso por el talle”. A da “coleguita” do pobo que se vén á cidade pensando que vai atopar todas as respostas e volta decepcionada. Salpicadas entre estas aparecen crónicas do cotián disfrazadas de cancións de desamor, esas das que intuías moito pero non entendías nada: ‘Caballo de cartón’ e ‘Calle melancolía’ eran as miñas favoritas.

Convidados

Polo medio, ían aparecendo convidados. Un tal Aute que describía ao Joaquín nunha canción fermosamente ácida que viña de compondor. Nun timbre moi parecido, Ricardo Solfa (alter ego de Jaime Sisa), que describía mil tipos de mulleres e interpretaba a canción coma se o texto fose seu (en realidade era do propio Sabina). Gurruchaga, no

momento máis roqueiro e vacilón e, sobre todo, sobre todo, un Javier Krahe corrosivo e divertido pero digno e firme. Coa cúpula maior do PSOE sentada nos palcos do teatro e el coa súa pluma de indio cantando ás promesas electorais incumplidas: “Tú decir que si te votan, tú sacarnos de la OTAN...” Moito máis tarde souben que o propio Sabina lle pediu que escollese outro tema e a súa negativa provocou que se censurara a súa aparición no vídeo do concerto.

Para a miña mente de adolescente, aquilo era un universo completamente novo, descoñecido, misterioso, escuro, sedutor e prohibido por momentos, e eu quería coñecer aquelas mulleres todas, irme de esmorga con aqueles tipos tan curiosos e acabar cantando ‘Calle melancolía’ co propio Joaquín no antro máis bohemio de Madrid para, ao día seguinte, xuntar unhas palabras, facer un poema e montar un grupo de rock. Niso estou dende aquela.

ROBERTO SOBRADO ACABA DE EDITAR O ÁLBUM ‘NOROESTE ETRAÑO’



A MÁQUINA DO TEMPO

BIEITO ROMERO

“Comecei nos oitenta como afeccionado en diferentes proxectos de tipo folk, como Roi Xordo, Adro ou Augamel e tamén en diferentes agrupacións de tipo folclórico ou etnográfico, como Xacarandaina ou o Ballet Galego Rey de Viana. Paralelamente estabamos consolidando o proxecto Luar na Lubre. A música como parte importante da nosa cultura era o motivo de estarmos nestes colectivos. Daquela pasei dunha actitude *amateur* a ser profesional, con todo o que iso significa”.

“Desde que tomei a decisión de dedicarme a isto profesionalmente, nunca sufrín unha crise tal que me fixese pensar en que o meu coa música rematara. O que si tiven foi dúbidas, porque dependemos moito dos políticos e dos seus movementos. Hai algo na música que engancha e que unha vez que te metes non che deixa parar. Eu sinto esa forza que me fai estar aí no día a día, a pesar de que tamén hai momentos

“En Galicia, nos noventa, dicíase que con esta música era difícil saír das fronteiras galegas. Xa se ve!”

duros contra os que hai que loitar e que hai que superar”.

“Desde entón houbo unha importante evolución cara á consolidación dun movemento musical galego. Nunca tantos músicos e de tan boa calidade houbo na escena, pero faltan estruturas que lle dean forma a todo isto: o xeito de traballar aínda continúa sendo tribal”.

“Lembro con sorpresa todo o que aconteceu despois [nos noventa, coa explosión

do folk galego], o éxito que a nosa proposta tivo alén das fronteiras galegas, que a xente doutras culturas conectase co que faciamos, que comprase a nosa música e que a fixese súa. Era xustamente todo o contrario do que viñamos escoitando desde a propia Galicia, aquilo de que con esta música é difícil saír das fronteiras galegas. Xa se ve!”.

“En vinte e cinco anos de carreira vivimos moitos bos momentos. Quizais, por masivos, foron especiais os da xira con Mike Oldfield no ano 1999, especialmente o concerto de Santa Cristina, en Oleiros. Por emotivos, quedo co primeiro que fixemos en Bos Aires e co de Xerusalén. E teño que contar que en varias ocasións me pasou iso de saír ao escenario sen instrumento, saudar ao público e ter que volver buscalo!”.

BIEITO ROMERO É INTEGRANTE FUNDADOR DO GRUPO DE FOLK LUAR NA LUBRE

CENTRO DRAMÁTICO GALEGO

programación 2011
maio-xuño

MÁI

SALÓN TEATRO

Espazo Radioescénico
Acto de entrega do 7º Premio Ópera Cultural de Teatro Radiofónico
CENTRO DRAMÁTICO GALEGO e RADIO GALEGA
Martes 3 ás 20.30 h

Teatro
Linhas de vento (o campo lúcido)
ESPELLO CÓNCAVO (Galicia)
Xoves 5 e venres 6 ás 20.30 h

Cine
III Festival Internacional de Curtametraxes Cortocircuito
Do sábado 7 ao venres 13, agás o domingo 8

Teatro - Estrea
Muño contra
REDRUM TEATRO (Galicia)
Sábado 14 ás 20.30 h e domingo 15 ás 18.00 h

Multidisciplinar
Mundo Lolo
Coproductión de NORDESÁ, FILMANOVA e KACHET (Galicia)
Martes 17 ás 21.00 h

Teatro
XII Mostra Internacional de Teatro Universitario (MITU)
Do luns 23 ao martes 31

XUÑO

SALÓN TEATRO

Teatro
Medea libre por cobrar
Extensión en Compostela do FITEI 2011
ZERO NO ZERO TEATRO (Ecuador)
Venres 1 ás 20.30 h

Billeteira:
Salón Teatro. (Rúa Nova 34, Santiago de Compostela)
Tel.: 981 58 49 78 (aberta dúas horas antes de cada espectáculo)

XUÑO

AUDITORIO DE GALICIA

Produción propia - ESTREA
A ópera dos tres reás
CENTRO DRAMÁTICO GALEGO
Do xoves 23 ao domingo 26 ás 21.00 h

De Bertolt Brecht (texto) e Kurt Weill (música)

Dramaturxia e dirección escénica: Quico Cadaval
Dirección musical: Diego García Rodríguez

Elenco: Eús Tosar, Begoña Santalices, Marcos Orsi, Muriel Sánchez, Mónica de Nut, César Goldi, Alba Messa, Víctor L. Mosqueira, Marta Pazos, Francisco Pérez "Narf" e Sergio Zearreta

Músicos en directo: Pablo Castaño, Andrew Macneill, Adrián Viñas Alonso, Paco Dicenta, Vadzim Yuknevič e David Rodríguez Rial

Axudante de dirección: Nuria Sanz

Coordinador musical: Suso Alonso


Director de canto: Ramón Bermejo

Escenografía e iluminación: Baltasar Patiño

Vestuario: Carlos Alonso

Información:
Centro Dramático Galego. Tel. 981 58 11 11 (de 9 a 14 h)


*Confirmación de programación:
www.centrodramaticogalego.org



Rede Galega de Música ao Vivo

Programación Carlos
Humberto Díaz Pérez

XUNTA DE GALICIA



AGADIC



Agencia Galega das
Industrias Culturais

2011
ano da
música

clubtura
centro cultural de turismo

SALAS:

A Fundación
A Regueifa
Ache
Aturuxo
Auriense Café Cultural
BâBâ Bar
Bar Liceum
Baranda
Café-Cultural Roi Xordo
Catro Camiños
Clandestino
Clavicémbalo
Contrabajo
El Ensanche
El Otro Caimán
Forum Celticum
Garufa
Jazz Filloa
La Casa de Arriba
La Fábrica de Chocolate
La Iguana Club
Marrucho
Náutico
Pub d'Antón Rock Café
Pub Gatos
Sala 600
Sala Karma
Sala Super 8
SalaSon
Sama Sama
Ultramarinos
Zona Zero

BANDAS:

7 Puertas
Abrapalabra Creacións Escénicas
Abril Fado Atlántico
Abuelo y Chiquillo
Aguardiente Swing Quartet
Airapro Producións
Alberto Pérez
Amaro Ferreiro
Belöp
Bruno T. Ford
Bukowski Blues Trío?
Cabaret
Caraba
Carlos Childe Troupe
Cats and Monkeys
Coll & Crow
Chamuyo Tango
Dakidarría
De Outra Margem
Diana Tarin Band
Doc Magoo's
Doctor Gringo
Doctor Harapos
Edu Manazas & Whiskey Tren
Esenia
Estado de Sitio
Estereotipo
Fabián
FainoTi
Félix Arias
Flip Corale y Los Macabros
Fuel Fandango
Graham Summer
Guadalupe Plata

Guezos
Holywater
Idealipsticks
Igloo
Ith
Joan Rovira
Joaquín Chacón Organ Trío
Josele Santiago
Jotinho's
Kayo Malayo
Kike Suárez & La Desbandada
La Acustikasesina
La Banda del Camión
La Familia
La Limoncello
Lamatumbá
Les Trois de Cora
License to Play
Los Eternos
Los Mecánicos
M&N
Mamba Beat
Martynez
Maryland
MBM
Miki Nervio & The Bluesmakers
Misterioso Viaje Holanda
Moonjackets
Mutenrohi
Nadadora
Nadie Es Perfecto Blues Band
Navegando a Barlovento
Nicolás
Niño y Pistola
O Mago Teto

Pablo Trasno
Pacífico
Pedrito Diablo y Los Cadáveras
Por Placer
Produccións Dispersas
Produccións Teatráis Excéntricas
Quempallou
Raiba
Raynald Colom Quartet
Recambios Tucho
Rockers Go to Hell
Romasanta
Seisdedos
Sés en acústico
Supersándwich
Sweet Oblivion Band
Szabo-Silvera. Tango
Tanxarina Títeres
Telma y Los Luises
The Last But One
The Tracii Lords
Tigres del Cañotas
To Nowhere
Tumbling Dice
Voltaica
Who Lies
Xacobe Martínez Antelo Trío
Xoán Curiel
Zénzar
Zootropa



XUNTA
DE GALICIA